

**Convenio colectivo de Tranvías del Ferrol, S.A.
(Anos 2004-2006)**

2004-2006

Capítulo I

Extensión e vixencia

Artigo 1º.-Ámbito de aplicación.

Este convenio colectivo será de aplicación na empresa Tranvías del Ferrol, S.A., de Ferrol, e afectará a todo o persoal da empresa que non quede excluído pola aplicación da lexislación vixente. Será complementario da ordenanza laboral que encadra os servizos de transporte por estrada.

Artigo 2º.-Ámbito temporal.

O convenio entrará en vigor o día da súa publicación no BOP ou no Diario Oficial de Galicia indistintamente. Non obstante, producirá efectos económicos a partir do día 1 de xaneiro de 2004, e a súa duración será ata o día 31 de decembro do ano 2006.

Artigo 3º.-Revisión, rescisión ou prórroga.

Calquera das partes poderá formular denuncia propondo revisión ou rescisión cunha antelación dun mes, como mínimo, respecto á data de expiración do período de vixencia ou de calquera das súas prórrogas. No caso de prorrogarse pola tácita, a prórroga do convenio levará consigo o incremento de todos os conceptos económicos pactados, equivalente ao índice de prezos de consumo dos doce meses inmediatamente anteriores.

Artigo 4º.-Respecto de dereitos.

Respetaráselles a todos os traballadores as situacións persoais actualmente consolidadas, en canto determinen maiores dereitos dos concedidos por este convenio, respecto das materias obxecto de regulación incluído o complemento de distancia.

Capítulo II

Condicións económicas

Artigo 5º.-Retribucións.

Os salarios para este convenio establécense incrementando sobre o ano anterior a seguinte progresión:

Ano 2004, IPC real máis 1 punto.

Ano 2005, IPC real máis 1 punto.

Ano 2006, IPC real máis 1 punto.

O salario conformarase cada ano, aumentando o IPC previsto para ese ano, e se a 31 de decembro respectivo o IPC real fose superior ao IPC previsto, no momento en que a dita diferenza sexa publicada polo INE, aboaranse as diferenzas devengadas desde o 1 de xaneiro do ano, servindo de base a dita cantidade para a elaboración das táboas do ano seguinte.

As táboas salariais quedan configuradas no anexo I.

Capítulo III

Disposicións varias

Artigo 6º.-Aumentos por antigüidade.

Os premios por antigüidade para cada categoría profesional son os establecidos no anexo II. Producirán efecto a partir do día 1 do mes en que vence a antigüidade. O persoal ingresado a partir do 1 de xaneiro de 1995 non devengará aumentos por antigüidade. Para o persoal ingresado a partir do 1 de xaneiro de 1995, créase un complemento de compensación por antigüidade de 26,93 euros mensuais.

Artigo 7º.-Tempo de presenza.

A valoración do tempo de presenza, para o período que comprende este convenio, establécese, para cada categoría profesional afectada, nas cantidades reflectidas no anexo III. O valor A aplicarase aos días laborables e o valor B aos domingos e festivos.

Artigo 8º.-Gratificacións extraordinarias.

As gratificacións extraordinarias, correspondentes ás pagas de verán e Nadal, consistirán en trinta días do salario de convenio establecido no anexo I, e a antigüidade que a cada traballador lle corresponda conforme o anexo II. O persoal ingresado a partir do 1 de xaneiro de 1995 percibirá o complemento de compensación por antigüidade.

Artigo 9º.-Beneficios.

En concepto de participación en beneficios sinalase un 10% anual, calculado sobre o salario de convenio e a antigüidade ou complemento de compensación por antigüidade, se é o caso, incluídas

as gratificacións extraordinarias. Aboarase por semestres vencidos, a principio dos meses de maio e novembro de cada ano. Computándose do 1 de outubro ao 31 de marzo e do 1 de abril a o 30 de setembro.

Artigo 10º.-Gratificación especial por quebranto de moeda.

En concepto de quebranto de moeda, os cobradores percibirán mensualmente 27,30 euros, e os condutores-perceptores 31,30 euros. Os valores totais anuais por este concepto son os que figuran no anexo VII.

Artigo 11º.-Traballos realizados en domingos e festivos.

Os xornais dos domingos e días festivos establécense na contía sinalada no anexo IV deste convenio, sen prexuízo da concesión dun día laborable para o descanso semanal.

Artigo 12º.-Complemento de máquina.

Os condutores-perceptores percibirán por este concepto un complemento mensual na contía de 121,90 euros, percibíndose igualmente nas vacacións anuais. Cando por conveniencia da empresa, atendendo ás necesidades do servizo, un condutor-perceptor fose destinado a unha liña na que unicamente tivese que desempeñar as funcións de condutor ou cobrador, seguirá percibindo este complemento salarial.

Artigo 13º.-Complemento de nocturnidade.

Queda fixado nos valores que se refliten no anexo V.

Artigo 14º.-Complemento desgaste-ferramentas.

Todo o persoal que preste os seus servizos no taller percibirá por este concepto a cantidade de 32,22 euros mensuais, percibíndose igualmente nas vacacións anuais.

Artigo 15º.-Vacacións.

Todos os traballadores da empresa Tranvías del Ferrol, S.A., sen distinción de emprego nin categoría, que leven un ano da antigüidade na empresa, desfrutarán dun período de vacacións regulamentarias igual a trinta días naturais, que será, ademais, o tope máximo de vacacións para todo o persoal e serán retribuídas a razón de salario de convenio, antigüidade, complemento de compensación por antigüidade e complemento de ferramenta ou complemento de máquina, de ser o caso.

A quenda de vacacións distribuirase da seguinte forma:

Os meses de maio a setembro, ambos inclusive, formarán o tempo de verán e os restantes o de inverno. Cada traballador desfrutará as súas vacacións alternando cada ano o tempo de verán ou inverno e rotando o mes de cada tempo.

O persoal con menos dun ano de antigüidade na empresa desfrutará, dentro do primeiro ano natural de prestación dos seus servizos, da parte proporcional de vacacións.

Artigo 16º.-Licenzas retribuídas.

a) Tres días en caso de falecemento de cónxuxe, parella, pais e fillos, tanto carnais como políticos.

b) Dous días en caso de falecemento de irmáns, avós e netos, tanto carnais como políticos.

c) Dous días laborables en caso de nacemento dun fillo.

d) Dous días por enfermidade grave do cónxuxe, parella, pais e fillos, tanto carnais como políticos.

e) Un día en caso da voda dun fillo, coincidindo co día da cerimonia.

f) Un día de licenza para o caso de renovar o carné de conducir.

Para o resto de licenzas aplicarase o disposto no ET, Lei 8/1980.

Cando por tal motivo o traballador teña que realizar un desprazamento fóra da provincia, o prazo será ampliado en dous días máis.

Logo de xustificación suficiente, establécese a posibilidade de desfrute dun permiso non retribuído para a resolución de asuntos particulares que non admitan demora ata a data das vacacións regulamentarias do traballador.

Este permiso non poderá ser superior a sete días e non será acumulable ás vacacións nin a calquera outra licenza estatutariamente establecida. O traballador terá a obriga de solicitalo cunha semana de antelación, comunicándollo asemade ao comité de empresa, o cal poderá pronunciarse ante a empresa, na forma que estime conveniente, sobre a referida solicitude. A empresa, se non concorren causas razoables que o impidan, deberá conceder o permiso solicitado.

Artigo 17º.-Excedencias.

Os traballadores cunha antigüidade na empresa dun ano, como mínimo, teñen dereito a que se lles recoñeza a posibilidade de situarse en excedencia voluntaria, por un prazo non menor a dous anos e non maior de cinco.

O reingreso deberá ser solicitado cun mes de antelación á terminación da excedencia e producirase de forma automática, sempre e cando a lexislación vixente en cada momento permita a contratación temporal por períodos equivalentes ao da excedencia.

En caso contrario, atenderase ao disposto no Estatuto dos traballadores.

Artigo 18º.-Xornada laboral.

A xornada anual de traballo durante a vixencia deste convenio será de 1.826 horas e 27 minutos de traballo efectivo, equivalente a 40 horas semanais.

Ambas as dúas partes comprométense a iniciar un estudo de cara a alcanzar un acordo, que posibilite a implantación de xornada partida, para novas actividades da empresa que afectaría de forma rotativa a unha porcentaxe do cadro do persoal de movemento.

Artigo 19º.-Garantías no traballo.

Todo condutor ou condutor-perceptor, de ser o caso, que conducindo un vehículo da empresa ou o seu propio en itinere, cometese unha infracción que implicase a retirada do carné de conducir, terá dereito a desempeñar, sen perda da súa categoría profesional, o posto que, eventualmente puidese asignarlle a empresa. Para iso será necesario a comunicación previa da patronal ao comité de empresa.

Artigo 20º.-Pases de libre circulación.

As esposas, esposos ou parellas de feito, se é o caso, fillos, viúvas, xubilados, pensionistas de longa enfermidade e invalidez e os fillos orfos de traballadores que o soliciten, terán dereito a un pase gratuíto para viaxar nos vehículos da empresa. No que respecta aos fillos e orfos, gozarán de tal beneficio ata os 26 anos, sempre e cando acreditasen a súa necesidade en función de estudos, que estivesen realizando, se algún dos beneficiarios traballase perdería tal beneficio, excepto se estivese realizando aprendizaxe, caso no que se lle respectará ata a idade que sinale a ordenanza laboral para

as empresas de transportes por estrada, facendo extensivos estes beneficios para os fillos dos xubilados ou pensionistas de longa enfermidade e invalidez.

Artigo 21º.-Libre acceso aos vehículos.

Todos os traballadores da compañía de Tranvías del Ferrol, S.A. con presentación da tarxeta de identidade da empresa, terán libre acceso aos vehículos desta.

Artigo 22º.-Uniformes.

A empresa dotará todo o persoal da uniformidade conforme se especifica a continuación, debendo vestir con limpeza e propiedade.

Cada dous anos pares entregaráselle ao persoal de movemento un uniforme completo composto de dúas chaquetas, catro pantalóns, e seis camisas, e cada catro anos pares entregárase un chaquetón.

Dotarase anualmente de botas de seguridade e dúas fundas a todo o persoal de talleres.

As entregas do material que corresponda en cada momento, faranse no primeiro trimestre do ano.

Capítulo IV

Previsión

Artigo 23º.-Complemento de indemnización.

Aboamento da IT, nos casos de baixa por accidente de traballo e enfermidade común.

Os quince primeiros días en caso de IT por enfermidade común, a empresa complementará as pres

tacións ata o 100%, sobre os conceptos de soldo e antigüidade.

A partir do día quince de rebaixe, aboarase o 100% sobre os conceptos de soldo, antigüidade ou complemento de compensación por antigüidade, se é o caso, complemento de máquina, domingos e festivos no caso dos condutores, e no caso do persoal de taller, a nocturnidade. Este mesmo tratamento aplicarase nos casos de hospitalización e accidente de traballo, desde o primeiro día. O cálculo farase sempre sobre cómputo mensual teórico.

No caso de ser variada a normativa actual de aboamento da IT por parte do Goberno, ambas as dúas partes están obrigadas á revisión deste acordo.

Artigo 24º.-Defunción.

Cando un traballador faleza, estando en activo, a empresa aboaralles aos familiares que estivesen convivindo co falecido, o importe de trinta días de salario de convenio, incrementado coa antigüidade ou complemento de compensación por antigüidade, de ser o caso. Esta cantidade pagaráselles, exclusivamente, aos familiares que mantivesen co falecido o grao de consanguinidade e segundo a orde que se indica: 1) cónxuxe viúvo; 2) fillos; 3) pais.

Capítulo V

Participación dos traballadores

Artigo 25º.-Do comité de empresa.

1. O comité de empresa, como órgano representativo, colectivo e unitario de todos os traballadores da empresa, ten como función fundamental a defensa dos intereses dos seus representados, así como a negociación e representación ante a dirección da empresa. O comité de empresa terá as seguintes competencias:

1.1. Recibir información, que lle será facilitada, trimestralmente, polo menos, sobre a evolución xeral do sector económico ao que pertence a empresa, sobre a situación da produción e vendas da entidade, sobre o seu programa de produción e evolución probable do emprego na empresa.

1.2. Coñecer o balance, a conta de resultados, a memoria e, no caso de que a empresa revista a forma de sociedade por accións ou participacións, dos demais documentos que se lles dean a coñecer aos socios, e nas mesmas condicións que a estes.

1.3. Emitir informe con carácter previo á execución por parte do empresario das decisións adoptadas por este, sobre as seguintes cuestións:

a) Reestruturacións do cadro de persoal e cesamentos totais ou parciais, definitivos ou temporais daquela.

b) Reducións de xornada, así como traslado total ou parcial das instalacións.

c) Plans de formación profesional da empresa.

d) Implantación ou revisión de sistemas de organización e control de traballo.

e) Estudo de tempos, establecemento de sistemas de primas ou incentivos e valoración de postos de traballo.

1.4. Emitir informe cando a fusión, absorción ou modificación do status xurídico da empresa supoña calquera incidencia que afecte o volume de emprego.

1.5. Coñecer os modelos de contrato de traballo escrito que se utilicen na empresa, así como os documentos relativos á terminación da relación laboral.

1.6. Ser informados de todas as sancións impostas por faltas moi graves.

1.7. Coñecer, trimestralmente, polo menos, as estatísticas sobre o índice de absentismo e as súas causas, os accidentes de traballo e enfermidades profesionais e as súas consecuencias, os índices de sinistralidade, os estudos periódicos ou especiais do ambiente laboral e os mecanismos de prevención que se utilizan.

1.8. Exercer un labor:

a) De vixilancia no cumprimento das normas vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e emprego, así como o resto dos pactos, condicións e usos de empresas en vigor, formulando, de ser o caso, as accións legais oportunas ante o empresario e os organismos ou tribunais competentes.

b) De vixilancia e control das condicións de seguridade e hixiene no desenvolvemento do traballo na empresa, coas particularidades previstas polo artigo 19 do Estatuto dos traballadores.

1.9. Participar, como se determina por convenio colectivo, na xestión de obras sociais establecidas na empresa en beneficio dos traballadores ou dos seus familiares.

1.10. Colaborar coa dirección da empresa para conseguir o establecemento de cantas medidas procuren o mantemento e o incremento da produtividade, de acordo co pactado nos convenios colectivos.

1.11. Informar os seus representados en todos os temas e cuestións sinaladas no número 1 en canto directa ou indirectamente teñan ou poidan ter repercusión nas relacións laborais.

2. Os informes que deba emitir o comité, a teor das competencias recoñecidas nos puntos 1.3 e 1.4 do número 1 anterior, deben elaborarse no prazo de quince días.

3. O texto íntegro dos convenios que cheguen a ser asinados exporase no taboleiro de anuncios, e permanecerá nel durante a súa vixencia. Á parte diso, facilitaráselle a cada traballador un exemplar do convenio vixente.

4. Asembleas: a empresa autorizará a realización de catro asembleas ordinarias ao ano, que terán lugar dentro do recinto dos seus locais e fóra das horas de traballo, para dar información xeral. O número de

assembleas poderá ser ampliado con outras extraordinarias, para tratar temas de convenios ou conflitos colectivos, sempre que o comité de empresa xustifique a súa necesidade ante esta. A petición para a realización de cada assemblea ordinaria deberá

ser presentada á empresa cun mínimo de antelación de 48 horas. A petición para as extraordinarias poderá facerse en calquera momento antes da súa realización.

O comité de empresa poderá estar asistido, para os efectos do parágrafo anterior, polos asesores dos seus sindicatos respectivos. O comité de empresa garantirá a orde e será responsable das deterioracións que puidesen producirse nas instalacións e material.

Artigo 26º

Sen prexuízo do establecido no Estatuto dos traballadores nesta materia, os representantes dos traballadores poderán acumular, en cómputo mensual, as horas de crédito sindical indistintamente entre eles, dentro dunha mesma afiliación sindical.

Artigo 27º.-Cota sindical.

A empresa, por petición dos seus traballadores afiliados ás centrais sindicais que contén cunha afiliación, no seo da empresa, non inferior ao 10% do cadro de persoal, descontará a cota sindical correspondente directamente do recibo de salarios, depositando as cotas nas contas bancarias que, para o efecto sinalen as centrais sindicais correspondentes, e sempre que esa conta estea aberta nun banco que teña sucursal en Ferrol.

Da comisión paritaria.

Artigo 28º.-Comisión paritaria.

A comisión paritaria será un órgano de interpretación, arbitraje e vixilancia do cumprimento deste convenio. As súas funcións serán:

1. Interpretación auténtica do convenio.
2. Arbitraje dos problemas ou cuestións que lle sexan sometidos por ambas as partes, de común acordo, en asuntos derivados deste convenio.
3. Conciliación facultativa nos problemas colectivos, con independencia das atribucións que por norma legal lles poidan corresponder aos organismos competentes.
4. Vixilancia do cumprimento do pactado.
As resolucións ou acordos adoptados por unanimidade pola comisión paritaria terán carácter vinculante.

En caso de dúbida ou discrepancia, a comisión elevaría consulta á autoridade laboral competente.

A comisión comporase de catro vocais, dous por cada parte, de entre os que actuaron na deliberación deste convenio. Levantarase actas dos acordos e resolucións que adopte a comisión, que deberán ser asinadas polas persoas que interveñan.

Poderán nomearse asesores por cada representación, aínda que estes non teñan dereito a voto.

A comisión, en primeira convocatoria, non poderá actuar sen a presenza de todos os vogais, e en segunda, o seguinte día hábil, actuará cos que asistan,

tendo voto unicamente en número paritario dos vocais presentes, sexan titulares ou suplentes.

A comisión reunirse por instancia de calquera das partes, poñéndose de antemán de acordo sobre o lugar, o día e a hora da reunión.

Ambas as partes conveñen en dar coñecemento á comisión paritaria de cantas dúbidas, discrepancias e conflitos puidesen producirse como consecuencia da interpretación e aplicación deste convenio.

Disposicións derradeiras

Primeira.-As condicións aquí pactadas son, en conxunto, máis favorables que as mínimas legais que lle corresponden ao traballador, formando un todo indivisible, e para efectos da súa aplicación, serán consideradas globalmente.

Estas condicións absorben e compensan as que anteriormente rexesen por disposición legal, mellora pactada ou unilateralmente concedida pola empresa, contrato individual ou calquera outra causa. Así mesmo, as melloras económicas aquí establecidas absorberán e compensarán globalmente as que puidesen establecerse durante a vixencia deste convenio por calquera disposición obrigatoria.

Segunda.-Tendo en conta a STC 27/2004, do 4 de marzo, a empresa e a representación dos traballadores asinantes deste convenio, acordan formar unha comisión que estude a posible incidencia da sentenza no convenio. Fixarase un prazo máximo de seis meses. A remate deste sen acordo, as partes poderán tomar as accións que consideren oportunas.

Terceira.-Os representantes da patronal comprométense a manter o mesmo emprego que ten esta empresa no momento da sinatura deste convenio colectivo.

ANEXO I

Salario convenio 2004 (3%)

Categorías	Salario
Administración	
Xefe de servizos	1.017,63 €mes
Xefe de negociado	998,67 €mes
Oficial de 1ª	935,65 €mes
Oficial de 2ª	919,22 €mes
Auxiliar de administración	880,32 €mes
Movemento	
Xefe de tráfico	1.015,87 €mes
Inspector	28,83 €día
Cobrador	28,12 €día

Conductor-perceptor	28,66 €/día
Taller	
Xefe de taller	1.015,87 €/mes
Xefe de equipo	31,54 €/día
Oficial de 1ª	28,66 €/día
Oficial de 2ª	28,46 €/día
Oficial de 3ª	28,24 €/día
Mozo	28,05 €/día
Complemento de máquina	121,90 €/mes
Quebranto de moeda condutor	31,30 €/mes
Quebranto de moeda cobrador	27,30 €/mes
Complemento desgaste-ferramenta	32,22 €/mes
Complemento compesación de antigüidade	26,93 €/mes

ANEXO II

Antigüidade 2004 €/mes ou €/día (3%)

Categorías	2 anos	4 anos	9 anos	14 anos	19 anos	24 anos	29 anos	34 anos	39 anos
Administración									
Xefe de servizos	29,69	59,44	118,87	178,35	237,75	297,47	356,61	416,03	475,52
Xefe de negociado	28,15	56,38	112,71	169,05	225,41	281,78	338,16	394,52	450,86

Oficial de 1ª	26,32	52,69	105,32	158,00	210,69	263,35	316,06	368,73	421,38
Oficial de 2ª	25,66	51,29	102,66	153,90	205,24	256,58	307,92	359,20	410,50
Auxiliar de admón.	24,05	48,08	96,22	144,30	192,39	240,49	288,65	336,76	384,82
Movemento									
Xefe de tráfico	28,98	58,02	115,94	173,91	231,85	289,79	347,79	405,80	463,76
Inspector	0,78	1,59	3,16	4,72	6,29	7,83	9,41	11,02	12,54
Cobrador	0,76	1,53	3,00	4,53	6,05	7,55	9,12	10,58	12,11
Conductor-perceptor	0,78	1,55	3,10	4,66	6,25	7,78	9,32	10,91	12,49
Taller									
Xefe de taller	28,98	58,02	115,94	173,91	231,85	289,79	347,79	405,80	463,76
Xefe de equipo	0,87	1,72	3,45	5,15	6,84	8,59	9,69	12,03	13,73
Oficial de 1ª	0,78	1,55	3,10	4,66	6,25	7,78	9,32	10,91	12,47
Oficial de 2ª	0,78	1,55	3,10	4,62	6,15	7,70	9,24	10,78	12,34
Oficial de 3ª	0,76	1,55	3,05	4,56	6,10	7,66	9,15	10,66	12,15
Mozo	0,76	1,53	2,98	4,49	6,03	7,54	9,00	10,52	12,06

Xefe de negociado	8,49	8,94	9,38	10,20	11,10	11,93	12,75	13,62	14,48	15,33
Oficial de 1ª	7,91	8,33	8,73	9,53	10,36	11,13	11,91	12,74	13,51	14,37
Oficial de 2ª	7,76	8,11	8,50	9,31	10,07	10,85	11,63	12,40	13,14	13,96
Auxiliar de admón.	7,27	7,63	8,01	8,67	9,42	10,19	10,91	11,63	12,36	13,06
Movemento										
Xefe de tráfico	8,30	8,68	9,14	9,91	10,77	11,61	12,42	13,25	14,09	14,91
Inspector	7,20	7,55	7,91	8,65	9,37	10,09	10,85	11,51	12,25	12,99
Cobrador	6,93	7,30	7,63	8,31	9,02	9,71	10,41	11,10	11,81	12,50
Conductor-perceptor	7,12	7,43	7,88	8,54	9,31	10,05	10,76	11,45	12,17	12,97
Taller										
Xefe de taller	8,30	8,68	9,14	9,91	10,77	11,61	12,42	13,25	14,09	14,91
Xefe de equipo	7,83	8,26	8,67	9,40	10,25	11,06	11,90	12,62	13,39	14,15
Oficial de 1ª	7,12	7,49	7,88	8,55	9,31	10,05	10,76	11,45	12,17	12,85
Oficial de 2ª	7,08	7,44	7,78	8,49	9,20	9,90	10,63	11,30	11,99	12,75
Oficial de 3ª	6,97	7,31	7,66	8,37	9,03	9,71	10,44	11,20	11,86	12,57

Mozo	6,88	7,27	7,61	8,30	9,00	9,68	10,38	11,06	11,74	12,44

ANEXO V

Nocturnidade 2004 (3%)

Categoria	Sen ant.	Antigüidade								
		2 anos	4 anos	9 anos	14 anos	19 anos	24 anos	29 anos	34 anos	39 anos
Oficial de 1ª	3,56	3,75	3,94	4,28	4,65	4,99	5,36	5,71	6,05	6,45
Oficial de 2ª	3,52	3,70	3,89	4,25	4,58	4,96	5,28	5,68	6,03	6,36
Oficial de 3ª	3,50	3,69	3,83	4,16	4,53	4,87	5,25	5,57	5,91	6,27
Mozo	3,43	3,61	3,77	4,14	4,49	4,80	5,16	5,53	5,87	6,22

ANEXO VI

Horas extras

Categoria	Sen ant.	Antigüidade								
		2 anos	4 anos	9 anos	14 anos	19 anos	24 anos	29 anos	34 anos	39 anos
Inspector	12,77	13,12	13,49	14,16	14,86	15,55	16,25	16,95	17,67	18,38
Cobrador	12,46	12,79	13,14	13,79	14,48	15,14	15,79	16,52	17,16	17,83
Condutor-perc.	13,53	13,89	14,23	14,92	15,64	16,29	17,00	17,70	18,38	19,11

Oficial de 1ª	12,69	13,04	13,39	14,09	14,76	15,46	16,16	16,84	17,52	18,24
Oficial de 2ª	12,63	12,97	13,31	13,99	14,68	15,37	16,05	16,72	17,41	18,10
Oficial de 3ª	12,49	12,85	13,18	13,87	14,53	15,22	15,89	16,56	17,24	17,91

ANEXO VII

Táboa de remuneración anual en función das horas anuais de traballo

Categoría	Salario convenio	Quebr. moeda	Compl. ferram. máquina	Total ano	Horas traballo
Xefe de servizos	15.671,50 €			15.671,50 €	1.826 h 27'
Xefe de negociado	15.379,52 €			15.379,52 €	1.826 h 27'
Oficial de 1ª admón.	14.409,01 €			14.409,01 €	1.826 h 27'
Oficial de 2ª admón.	14.155,99 €			14.155,99 €	1.826 h 27'
Auxiliar de admón.	13.556,93 €			13.556,93 €	1.826 h 27'
Xefe de tráfico	15.644,40 €			15.644,40 €	1.826 h 27'

Inspector	13.478,03 €			13.478,03 €	1.826 h 27'
Cobrador	13.146,10 €	300,30 €		13.446,40 €	1.826 h 27'
Conductor-perceptor	13.398,55 €	344,30 €	1.462,80 €	15.205,65 €	1.826 h 27'
Xefe de taller	15.644,40 €		386,64 €	16.031,04 €	1.826 h 27'
Xefe de equipo	14.744,95 €		386,64 €	15.131,59 €	1.826 h 27'
Oficial de 1ª taller	13.398,55 €		386,64 €	13.785,19 €	1.826 h 27'
Oficial de 2ª taller	13.305,05 €		386,64 €	13.691,69 €	1.826 h 27'
Oficial de 3ª taller	13.202,20 €		386,64 €	13.588,84 €	1.826 h 27'
Mozo	13.113,38 €		386,64 €	13.500,02 €	1.826 h 27'